



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ENSINANZA NO CONSERVATORIO MUNICIPAL

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De acordo co disposto no artigo 107 da lei 7/85 de 2 de Abril en relación co artigo 41, do RDL 2/2004 de 5 de Marzo, Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello establece prezos públicos polas ensinanzas que se impartan e actividades que se realicen no Conservatorio Municipal, especificación contida nas tarifas reguladas no artigo 3 desta Ordenanza.

Artigo 2.- Concepto

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das ensinanzas e actividades desenroladas no Conservatorio.

Artigo 3.- Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza as persoas ou entidades que soliciten ou se beneficien da prestación de servicios ou realización de actividades a que se refire o artigo 1.

Artigo 4.- Contía

1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa contida no apartado seguinte para cada un dos distintos servicio ou actividades.
2. A tarifa deste prezo público será a seguinte:
 - Matrícula oficial nos diversos cursos de Grao Elemental.....143,70 €
 - Matrícula Oficial de 2ª especialidade instrumental 71,85 €
 - Ensinanza Oficial de música, curso escolar574,83 €
 - Ensinanza Oficial de 2ª especialidade instrumental escolar, curso escolar191,62 €
 - Curso de Preparatorio210,60 €
 - Cursiños monográficos instrumento (por instrumento)175,50 €
 - Materia pendiente.....191,62 €
3. A obriga do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se presta ou realice calquera dos servicios ou actividades especificados no artigo anterior.
4. O pago do prezo público polos servicios prestados será da seguinte maneira:
 - a) Ensinanza oficial: o importe da matrícula no acto de formalización da mesma.
 - b) O pago do curso escolar no ensino oficial, farase trimestralmente en cuantías iguais; entre o 1 ao 10 dos meses de Outubro, xaneiro, e Abril.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- c) No “curso preparatorio” e “cursiños monográficos de instrumento”; a terceira parte do importe a pagar farase no momento de formalizar a inscrición, e os outros dous prazos ingresaranse entre os días 1 ó 10 de Xaneiro e Abril
 - d) En calquera dos ensinos, admitirase o pago único no momento da matrícula ou inscrición dos importes totales a pagar.
5. Aqueles alumnos de ensino oficial que xustifiquen que a súa unidade familiar leve empadroada máis de 1 ano na Guarda, terán unha bonificación do 30 %.
6. Establecese unha bonificación para os alumnos que xustifiquen ser membros de familia numerosa (mediante copia compulsada do libro de familia, presentado no momento de solicitar a inscrición), quedando do seguinte xeito:
- 6.1 No caso de familias numerosas clasificadas como de categoría especial aplicarase unha bonificación do 100% polos dereitos de matriculación e un 50% sobre o importe do curso escolar en ensino oficial.
 - 6.2 No caso de familias numerosas clasificadas como de categoría xeral, aplicarase unha bonificación do 50 % do importe da matrícula e un 25% sobre o importe do curso escolar en ensino oficial.
7. No caso de que dous ou máis irmáns estean matriculados simultaneamente terán a mesma bonificación que as familias numerosas de categoría xeral, é dicir, 50 % sobre o importe da matrícula e un 25% sobre o importe do curso escolar en ensino oficial.
8. No caso de que un alumno en ensino oficial, se matricule nun segundo instrumento, non terá dereito á bonificación de empadroamento.
9. Os alumnos sóo poderán cursar de xeito independente una materia do cuarto curso, en virtude do disposto no Decreto 198/2007 do 27 de setembro da Xunta de Galicia, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música (artigo 13.4):

“O alumno ou a alumna que ao remate do cuarto curso tivese pendente de avaliación positiva dúas ou máis materias deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia só cumprirá que realice a materia pendente

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se leve a cabo a publicación á que se refire o artigo 17.4 do Real decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo. Os prezos públicos regulados nesta ordenanza para o ensino oficial aplicaranse a partir do curso escolar 2012/2013